



Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten de aplicación e en especial as relativas á ordenación do territorio e ao medio ambiente.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de seis meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere pertinente.

Ourense, 22 de abril de 2020. O xefe territorial.

Asdo.: Santiago Álvarez González.

Consellería de Economía, Emprego e Industria Jefatura Territorial Ourense

Resolución de 22 de abril de 2020, de la Jefatura Territorial de Ourense, por la que se conceden las autorizaciones administrativas previa y de construcción a instalaciones eléctricas en el ayuntamiento de Baños de Molgas (expediente IN407A 2020/20-3).

Visto el expediente para otorgamiento de la autorización administrativa previa y de la autorización administrativa de construcción de las instalaciones eléctricas que a continuación se describen, tal y como se recogen en el proyecto firmado polo ingeniero técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez, colegiado nº 2233 del Coetico, en Ourense el día 10.02.2020, quien acredita su habilitación y competencia con la correspondiente declaración responsable anexa.

Solicitante: UFD Distribución Electricidad, S.A., CIF: A-63222533

Dirección: A Batundeira, nº 2, Velle, 32960 Ourense.

Denominación: reforma da LMT SRS805 en Vilariño

Situación: lugar de Vilariño de Lamamá, ayuntamiento de Baños de Molgas

Presupuesto: 20.814,82 €.

Características técnicas: reforma de la LMT SRS805 (expediente nº: 2563-AT) con la instalación de nuevo apoyo metálico C 12/1000 H35-CA/CS (nº 82-18), que sustituye a otro de hormigón existente, y de nuevo seccionador SXS, retensando el conductor LA-30 en el cantón comprendido entre los apoyos números 82-16 y el 82-19.

Cumplidos los trámites ordenados en la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico, y los reglamentarios previstos en el capítulo II, título VII del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica, y en la Ley 5/2017, de 19 de octubre, de Fomento de la Implantación de Iniciativas Empresariales, esta jefatura territorial resuelve:

Conceder la autorización administrativa previa y la autorización administrativa de construcción a dichas instalaciones, cuyas características se ajustarán en todas sus partes al proyecto arriba señalado y a las condiciones técnicas y de seguridad establecidas en los reglamentos de aplicación y en los condicionados establecidos polos ministerios, organismos o corporaciones que constan en el expediente.

Esta autorización se otorga sin perjuicio de las concesiones y autorizaciones que sean necesarias, de acuerdo con otras dis-

posiciones que resulten de aplicación y en especial las relativas a la ordenación del territorio y al medio ambiente.

El plazo de puesta en marcha de las instalaciones que se autorizan será de seis meses, contados a partir de la fecha de la última autorización administrativa necesaria para su ejecución.

Contra la presente resolución se podrá interponer recurso de alzada ante el conselleiro de Economía, Empleo e Industria en el plazo de un mes contado a partir del día siguiente al de la notificación o publicación de esta resolución; también se podrá interponer cualquiera otro recurso que se considere pertinente.

Ourense, 22 de abril de 2020. El jefe territorial.

Fdo.: Santiago Álvarez González.

R. 790

IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Pontevedra

Anuncio

Logo de aprobar, por Resolución da Alcaldía nº 2020-0038 con data 15/05/2020, as bases e a convocatoria para cubrir as posibles vacantes nos postos seguintes: un peón de albanel, un peón forestal e de xardinería e dous peóns de servizos varios, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 20 días naturais contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín oficial da Provincial.

Así mesmo, achéganse as bases reguladoras das probas selectivas:

Bases de selección e contratación laboral temporal, a xornada completa, de traballadores desempregados coa categoría de: un peón de albanel, dous peóns de servizos varios e un peón forestal e de xardinería, con cargo ao segundo Plan de empregabilidade da Deputación Provincial de Ourense.

1.- Obxecto: é obxecto desta convocatoria a contratación baixo a modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo, regulado no artigo 15.1 a) do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do estatuto dos traballadores, dos postos de traballo que se sinalan: dous peóns de servizos varios, un peón de albanel e un peón forestal e de xardinería, que desenvolve-
ran o seu labor a xornada completa.

1.1.- Cos aspirantes que superasen o proceso, e que pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puidesen producir entre o persoal que si resultase seleccionado, adxudicándose a contratación ao seguinte aspirante en puntuación

2.- Duración: a duración do contrato.

Peón de roza e xardineira:- seis (6) meses.

Peón de albanel: catro meses (4)

Peóns de servizos varios: tres meses (3)

2.1- Requisitos xerais dos/as aspirantes: para ser admitido nesta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea, ademais poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxe de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e o do seu cónxuxe, sexan menores de 21 anos ou maiores da devandita idade dependentes. Poderán acceder así mesmo, ademais das persoas sinaladas nos parágrafos anteriores, os



estranxeiros que se atopen residindo legalmente en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España. Ter cumpridos o 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Estar en posesión do título requirido para optar aos postos ofertados, ou en condición de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de solicitudes. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite a súa homologación.

Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Nin ter sido ou estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares.

3.- Presentación de solicitudes. Tras esta aprobación de bases e convocatoria pública mediante este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica do concello e no taboleiro de edictos do Concello de Pontevedra.

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria dirixiranse ao alcalde do

Concello de Pontevedra, de acordo co modelo do anexo I destas bases. A presentación de solicitudes deberá efectuarse en días hábiles, de luns a venres, no rexistro do Concello de Pontevedra, en horario de 9.00 a 13.00 horas, ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Coa solicitude deberase achegar:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente, os aspirantes estranxeiros deberán presentar o documento que acredite que é nacional da Unión Europea. Os estranxeiros deberán acreditar que están residindo legalmente en España, esta documentación deba estar compulsada.

- Declaración xurada na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).

- Tarxeta de demandante de emprego ou certificación, de ser o caso, expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que é demandante de emprego e o tempo que leva nesta situación.

A documentación achegada dos méritos alegados, deberá presentarse en orixinais ou fotocopias compulsadas e non se terán en conta aqueles que non queden debidamente acreditados.

A experiencia en postos similares, acreditarase mediante certificado de vida laboral, orixinal (ou fotocopia compulsada) expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que consten expresamente os períodos de alta e baixa no sistema e os grupos de cotización e copia dos contratos de traballo. Os servizos prestados na Administración pública poderán ademais acreditarse mediante certificación expedida polo órgano competente.

Prazo de presentación de instancias.

Os interesados en formar parte deste proceso selectivo, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no anexo I destas bases facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e deberán ir dirixidas ao alcalde do Concello de Pontevedra.

Presentaranse debidamente cubertas, no rexistro xeral do concello no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Se o día no que finalice

o prazo de presentación de instancias fose sábado ou día inhábil o prazo finalizará o primeiro día hábil seguinte.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e na páxina web www.concellopontevedra.es contados a partir do seguinte ao do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra.

4.- Admisión de aspirantes:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de tres días hábiles, pola que declarará aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do concello e na páxina web, sinalándose un prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal lugar e hora de realización das probas.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5.- Tribunal cualificador.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a tres, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará como presidente/a e outro como secretario do tribunal.

O alcalde por decreto nomeará os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público, que será publicado no taboleiro de anuncios.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición: Presidente: un funcionario de carreira ou persoal laboral pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces, quen tamén actuará como vogal.

Como vogal actuará tamén un funcionario/s de carreira ou persoal laboral pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando neles concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nestas bases, conforme ao artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, levantando acta de cada sesión.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias.

6.- Sistema de selección:

O procedemento de selección consistirá nunha fase de concurso que se levará a cabo mediante a valoración dos méritos presentados e obxecto de puntuación, que virá determinada pola suma das puntuacións dos méritos valorados para cada aspirante, e outra de oposición.

A) Fase de concurso:

1) Experiencia profesional: puntuación máxima: 2 puntos

Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,30 por cada mes completo ou fracción.

Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,20 por cada mes completo ou fracción.

Por servizos prestados en empresas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción.

Formación. Puntuación máxima: 2 puntos:

Valorarase a formación nas materias propias do posto, en cursos impartidos por centros oficiais ou centros de formación dependentes das administracións públicas sempre relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira. Máximo: 2,00 puntos. A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia validada dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Por cursos de máis de 50 horas relacionados co posto a cubrir: 0,50 puntos/curso

Por cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos

Por curso de menos de 20 horas: 0,10 puntos

Proba práctica. Será adecuada a cada posto ofertado, e consistirá na realización ou resolución de probas prácticas sobre as funcións do posto, no tempo máximo de trinta (30) minutos e na forma que sinale o tribunal, podendo ser oral ou escrita. Valorarase a profundidade de coñecementos, claridade e rigor na exposición e a adecuación das conclusións, a dita proba valorarase de 0 a 10 puntos, quedando eliminados os que non obteñan 5 puntos.

Entrevista de carácter persoal sobre os méritos adecuados ás características do posto. Puntuarase ata un máximo de 3 puntos. A puntuación total do proceso selectivo será dun máximo de 17 puntos.

Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal publicará na páxina web www.concellopontedevea.es, e no taboleiro de edictos do concello a relación de

candidatos, pola orde de puntuación conseguida, con indicación da cualificación obtida, así como do documento nacional de identidade, elevando a devandita proposta ao alcalde.

O alcalde ditará resolución, pola que aprobe a lista definitiva, de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación temporal. A dita resolución publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

7.- Contratación:

O tribunal elevará ao alcalde do Concello de Pontedevea a proposta de contrato a favor dos integrantes que conseguisen a maior puntuación. Os aspirantes que obteñan a maior puntuación no proceso selectivo, deberá presentar, no prazo de tres días, como requisito previo e imprescindible para proceder á súa contratación, orixinais ou fotocopias compulsadas da seguinte documentación:

- Certificado médico.

- Tarxeta de desemprego expedida polo Servizo Galego de Colocación. (Se é o caso)

Os aspirantes seleccionados deberán incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de tres días contados a partir do día seguinte ao que se lle notifique a resolución. Se os aspirantes propostos non se incorporasen dentro do prazo previsto sen xustificación, serán eliminados e procederase á contratación dos aspirantes seguintes, de ser o caso, respecto ás cales lles será de aplicación o mesmo prazo previsto no epígrafe anterior. As contratacións deberán axustarse ás normas legais e regulamentarias en materia de contratos laborais de natureza temporal.

Incidencias. O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases. As comunicacións sobre incidentes relativos ás actuacións dos tribunais poderán dirixirse á Alcaldía. Contra a resolución da Alcaldía, de aprobación das bases, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor, con carácter potestativo, un recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, computados os devanditos prazos a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP. Os acordos do tribunal de selección, se concorren os supostos establecidos no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderán ser impugnados mediante a interposición de recurso de alzada ante o mesmo órgano ou ante o órgano superior xerárquico, no prazo dun mes contado a partir do día da súa publicación.

Dotación económica: 1.100 €/mes brutos, incluída a parte proporcional das pagas extras.

Horario laboral: será conforme á planificación dos traballos que para o efecto sinala a Alcaldía, distribuída segundo as necesidades do servizo, respectando en todo caso o cumprimento máximo de horas prevista na normativa vixente.

Funcións: as propias do posto de traballo.



Anexo I

Modelo de instancia Don/Dona... maior de idade, con DNI ... e con domicilio para os efectos de notificacións... .. e número de teléfono ...

Expoño:

Que sendo coñecedor da convocatoria pública realizada polo Concello de Pontedeve para a contratación laboral temporal coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado, a xornada completa, indicar especialidade (de peón de albanel, peón de servizos varios ou peón forestal e de xardinaria)

Declara baixo a miña responsabilidade

1.- Que coñezo na súa integridade as bases que reñen a convocatoria.

2.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases para poder participar neste proceso selectivo.

3.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

4.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

5.- Non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade

determine a lexislación vixente.

Solicita:

Tendo por presentada a presente solicitude dentro do prazo concedido para o efecto de ser admitido para tomar parte nas probas selectivas para a devandita convocatoria.

Á presente solicitude acompáñase unha fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente e os documentos que acreditan o cumprimento dos requisitos e dos méritos profesionais establecidos nas bases aprobadas nun total de ... follas (en letra e número e sen incluír esta).

..., ... de ... de 2020.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, publicaranse na sede electrónica deste concello <http://pontedeve.sedelectronica.gal> e, no seu caso, no taboleiro de anuncios, para maior difusión.

Contra as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o alcalde deste concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de ---ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en ---, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, publicaranse na sede electrónica deste concello <http://pontedeve.sedelectronica.gal> e, no seu caso, no taboleiro de anuncios, para maior difusión.

Anuncio

Después de aprobar, por Resolución de Alcaldía núm. 2020-0038 de fecha 15/05/2020, las bases y la convocatoria para cubrir las posibles vacantes en los puestos siguientes: un peón de albañil, un peón forestal y dos peones de servicios varios, se abre el plazo de presentación de solicitudes que será de 20 días naturales a contar desde el día siguiente a la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial del Estado.

Asimismo, se adjuntan las bases reguladoras de las pruebas selectivas:

Bases de selección y contratación laboral temporal, a jornada completa, de trabajadores despedidos con la categoría de un peón de albañil, dos peones de servicios varios y un peón forestal y de jardinería, con cargo el segundo plan de empleabilidad de la Diputación Provincial de Ourense.

1.- Objeto: es objeto de la presente convocatoria la contratación bajo la modalidad de contrato de duración determinada por obra o servicio, regulado en el artículo 15.1 a) del Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el Texto Refundido del Estatuto de los Trabajadores, de los puestos de trabajo que se señalan: dos peones de servicios varios, un peón de albañil y un peón forestal y de jardinería, que desarrollarán su labor a jornada completa.

1.1.- Con los aspirantes que habiendo superado el proceso y por la nota final no consiguieran plaza, se confeccionará un listado para cubrir las bajas o renunciaciones que se puedan producir entre el personal que si resultara seleccionado, adjudicándose la contratación al siguiente aspirante en puntuación.

2.- Duración: la duración del contrato.

Peón de desbroce y jardinería, 6 meses (6).

Peón de albañil, 4 meses (4).

Peones de servicio varios, tres meses (3).

2.1- Requisitos generales de los/as aspirantes: para ser admitido en esta convocatoria los aspirantes deberán reunir, en la fecha en la que finalice el plazo de presentación de instancias, los siguientes requisitos:

Ser español o nacional de los demás estados miembros de la Unión Europea, además podrán participar en el proceso selectivo los extranjeros que reúnan la condición de cónyuge de españoles o de nacionales de otros estados miembros de la Unión Europea, siempre que no estén separados de derecho, y sus descendientes y los de su cónyuge, sean menores de 21 años o mayores de dicha edad dependientes. Podrán acceder, asimismo, además de las personas señaladas en los párrafos anteriores, los extranjeros que se encuentren residiendo legalmente en España, de acuerdo con lo previsto en el artículo 10.2 de la vigente Ley Orgánica de Derechos y Libertades de los Extranjeros en España. Tener cumplidos los dieciséis años y no exceder, en su caso, de la edad máxima de jubilación forzosa.

Estar en posesión del título requerido para optar a los puestos ofertados, o en condición de obtenerlo en la fecha en la que termine el plazo de presentación de solicitudes. En el caso de titulaciones obtenidas en el extranjero, deberán poseer el documento que acredite su homologación.

No padecer enfermedad ni estar afectado por limitación física o psíquica incompatible con el desempeño de las correspondientes funciones. Ni haber sido o estar separado mediante expediente disciplinario del servicio de cualquiera de las administraciones públicas o de los órganos de las comunidades autónomas, ni encontrarse en inhabilitación absoluta o especial para empleos por resolución judicial o para ejercer funciones similares.

3.- Presentación de solicitudes. Tras esta aprobación de bases y convocatoria pública mediante este anuncio en el Boletín